

As cifras demostran que a oferta de prazas da Consellaría é pura propaganda: apenas se materializan dous terzos das prazas anunciadas, ao tempo que non se toman medidas para garantir a docencia nalgunhas especialidades

A CIG-Ensino esixe unha Mesa Sectorial sobre oposicións despois de que en 2025 se acadara a cifra histórica do 33% de prazas desertas

INGRESO	OFERTA POR QUENDAS			APROBADAS CON PRAZA			% PRAZAS DESERTAS		
CORPOS	D	L	D+L	D	L	D+L	D	L	D+L
PES	100	818	918	8	657	665	92%	20%	28%
PESSFP	10	70	80	2	61	63	80%	13%	21%
MESTRAS	53	373	426	13	372	385	75%	0%	10%
TOTAL	163	1261	1424	23	1090	1113	86%	14%	22%
ACCESO	OFERTA POR QUENDAS			APROBADAS CON PRAZA			% PRAZAS DESERTAS		
CORPOS	D	L	D+L	D	L	D+L	D	L	D+L
INSPECCIÓN	0	10	10	0	6	6		40%	40%
PES	27	213	240	0	10	10	100%	95%	96%
TOTAL	27	223	250	0	16	16	100%	93%	94%
TOTAL INGRESO E ACCESO	190	1484	1674	23	1106	1129	88%	25%	33%

A convocatoria de oposicións para os corpos de persoal docente non universitario do ano 2025 ofrece un balance global inédito en canto ao número de prazas cubertas. As cifras do último proceso acrecentan a tendencia á alza que se viña producindo nos últimos anos, tanto no que ten a ver coa cobertura das prazas ofertadas na quenda libre, como na de discapacidade ou nas reservadas á promoción interna.

Desde a CIG-Ensino levamos anos realizando un seguimento polo miúdo dos datos destas convocatorias e expresando en reiteradas ocasións a necesidade dunha análise en profundidade, tanto do proceso global como das distintas casuísticas que se producen por especialidades, para dar resposta á problemática sen que a Consellaría de Educación tomase ningún tipo de medida ao respecto. É por iso que é preciso convocar con antelación á aprobación da OPE de 2026 unha Mesa Sectorial monográfica na que se negocie coas organizacións sindicais todos aqueles elementos do proceso que son competencia da Xunta e que poden contribuír a melloralo.

Cando se cita a porcentaxe do 33% estase tomando como referencia o total das prazas anunciadas pola Consellaría de Educación que pretende, ano tras ano, enganar á opinión pública e crear unha expectativa favorábel aos aspirantes (“a maior oferta nos últimos anos, máis de 1.500 novos docentes, creación de emprego público e erradicación da temporalidade...”) cando anuncia aos catro ventos un número irreal de prazas, sendo perfectamente consciente pola natureza da convocatoria de que non se van cubrir en gran medida. Ademais a temporalización dos anuncios fai pensar que hai dúas ou tres veces oposicións docentes ao ano, primeiro cos anuncios do presidente Rueda, despois coa publicación da OPE, polo medio coa propaganda habitual do gabinete da Consellaría, e por último co anuncio e a publicación da convocatoria.

Mais á marxe de toda esta confusión interesada, o problema da non cobertura de prazas existe e maniféstase con distinta intensidade dependendo das especialidades. Mesmo tomando en consideración unicamente as prazas ofertadas para

a quenda libre, as porcentaxes de prazas sen cubrir acadan a cota récord do 14% do total, superando as porcentaxes dos últimos procesos (12%, 7% e 11% en 2024, 2022 e 2021 respectivamente).

Afectación desigual por especialidades pero un problema cada vez máis estendido

O problema das prazas non cubertas non é homoxéneo e depende moito das especialidades, aínda que cada vez é máis transversal. Así, na quenda libre quedaron sen cubrir 32 prazas da especialidade de Informática e 42 de Sistemas e aplicacións informáticas. Outra área moi afectada é a relacionada con Electricidade e Electrónica, quedando desertas 10 prazas de Equipamentos electrónicos, 6 de Sistemas electrónicos e 8 de Sistemas electrotécnicos e automáticos. Mais o fenómeno non se limita a unhas poucas ramas técnicas; quedaron sen adxudicar 12 prazas de Organización e xestión comercial, 13 de Procesos de xestión administrativa e 13 de Formación e orientación laboral. Nos sectores singulares da FP temos tamén algúns exemplos como Cociña e pastelería (4) ou Estética (2). Mesmo en especialidades de secundaria onde existe un amplísimo continxente de profesorado activo e en nómina da Consellaría a través da cobertura de interinidades e substitucións tamén se dan casos de non cobertura de prazas en especialidades das chamadas maioritarias como no caso de Matemáticas e Inglés (con 11 e 4 prazas desertas, respectivamente), o que sen dúbida merece unha reflexión.

Das prazas para promoción interna (A2 a A1), que a Consellaría anuncia na oferta sen aclarar que non se trataría de novo funcionariado de carreira, só se cobren un total de 10 (menos do 10% da oferta). Na quenda de discapacidade, o 86% das prazas de acceso quedaron desertas. A trampa nestes casos está servida e estas prazas non cubertas en ambas quendas serven para magnificar, en bucle, as cifras de sucesivos procesos nos vindeiros anos, incluídas as anunciadas para este 2026.

Á luz dos datos, é unha evidencia afirmar que existe un déficit de profesionais nalgunhas especialidades, e todo indica que só é a punta dunha tendencia que pode

A menos de 5 meses para as oposicións, o persoal opositor non coñece nin as especialidades nin o número de prazas

ESTUDO OPOSICIÓNS 2025
ESPECIALIDADE
510600-Inspección Educativa
590001-Filosofía
590002-Grego
590004-Lingua castelá e literatura
590005-Xeografía e historia
590006-Matemáticas
590007-Física e química
590008-Bioloxía e xeoloxía
590011-Inglés
590015-Portugués
590017-Educación física
590018-Orientación educativa
590019-Tecnoloxía
590053-Lingua e literatura galega
590061-Economía
590101-Administración de empresas
590104-Construcións civís e edificacións
590105-Formación e orientación laboral
590106-Hostalaría e turismo
590107-Informática
590110-Organización e xestión comercial
590112-Organización e proxectos de fabricación meca
590116-Procesos na industria alimentaria
590117-Procesos diagnósticos clínicos e produtos orto
590118-Procesos sanitarios
590119-Procesos e medios de comunicación
590124-Sistemas electrónicos
590125-Sistemas electrotécnicos e automáticos
590206-Instalacións electrotécnicas
590212-Oficina de proxectos de construción
590222-Procesos de xestión administrativa
590225-Servizos á comunidade
590227-Sistemas e aplicacións informáticas
590231-Equipos electrónicos
597031-Educación infantil
597032-Lingua estranxeira: inglés
597033-Lingua estranxeira: francés
597034-Educación física
597035-Música
597036-Pedagogía terapéutica
597037-Audición e linguaxe
597038-Educación primaria
598001-Cociña e pastelería
598002-Estética
598004-Mantemento de vehículos
598005-Mecanizado e mantemento de máquinas
598006-Patronaxe e confección
598007-Peiteado
598008-Produción de artes gráficas
598009-Servizos de restauración

	OFERTA			APROBADOS			VACANTES SEN CUBRIR			% VACANTES SEN CUBRIR		
	INGRESO	ACCESO	TOTAL	INGRESO	ACCESO	TOTAL	INGRESO	ACCESO	TOTAL	INGRESO	ACCESO	TOTAL
	0	10	10	0	6	6	0	4	4		40%	40%
	22	6	28	20	1	21	2	5	7	9%	83%	25%
	5	0	5	3	0	3	2	0	2	40%		40%
	40	12	52	36	0	36	4	12	16	10%	100%	31%
	40	11	51	37	0	37	3	11	14	8%	100%	27%
	51	14	65	34	0	34	17	14	31	33%	100%	48%
	31	8	39	28	0	28	3	8	11	10%	100%	28%
	25	6	31	23	0	23	2	6	8	8%	100%	26%
	104	27	131	89	2	91	15	25	40	14%	93%	31%
	5	1	6	5	0	5	0	1	1	0%	100%	17%
	43	10	53	39	2	41	4	8	12	9%	80%	23%
	15	4	19	13	3	16	2	1	3	13%	25%	16%
	58	15	73	48	0	48	10	15	25	17%	100%	34%
	77	20	97	69	1	70	8	19	27	10%	95%	28%
	26	6	32	23	0	23	3	6	9	12%	100%	28%
	10	2	12	9	0	9	1	2	3	10%	100%	25%
	8	2	10	8	0	8	0	2	2	0%	100%	20%
	45	12	57	27	0	27	18	12	30	40%	100%	53%
	10	3	13	8	0	8	2	3	5	20%	100%	38%
	62	15	77	23	0	23	39	15	54	63%	100%	70%
	20	4	24	6	0	6	14	4	18	70%	100%	75%
ánica	10	2	12	8	0	8	2	2	4	20%	100%	33%
	10	2	12	9	0	9	1	2	3	10%	100%	25%
oprotésicos	10	2	12	8	0	8	2	2	4	20%	100%	33%
	10	2	12	9	0	9	1	2	3	10%	100%	25%
	10	2	12	9	0	9	1	2	3	10%	100%	25%
	10	2	12	3	0	3	7	2	9	70%	100%	75%
	15	4	19	6	0	6	9	4	13	60%	100%	68%
	20	5	25	18	0	18	2	5	7	10%	100%	28%
	8	2	10	7	0	7	1	2	3	13%	100%	30%
	26	6	32	10	0	10	16	6	22	62%	100%	69%
	10	3	13	9	1	10	1	2	3	10%	67%	23%
	62	15	77	13	0	13	49	15	64	79%	100%	83%
	20	5	25	8	0	8	12	5	17	60%	100%	68%
	79	0	79	73	0	73	6	0	6	8%		8%
	53	0	53	46	0	46	7	0	7	13%		13%
	32	0	32	28	0	28	4	0	4	13%		13%
	26	0	26	26	0	26	0	0	0	0%		0%
	21	0	21	20	0	20	1	0	1	5%		5%
	40	0	40	35	0	35	5	0	5	13%		13%
	53	0	53	46	0	46	7	0	7	13%		13%
	122	0	122	111	0	111	11	0	11	9%		9%
	17	0	17	10	0	10	7	0	7	41%		41%
	5	0	5	3	0	3	2	0	2	40%		40%
	19	0	19	15	0	15	4	0	4	21%		21%
	15	0	15	12	0	12	3	0	3	20%		20%
	5	0	5	4	0	4	1	0	1	20%		20%
	7	0	7	7	0	7	0	0	0	0%		0%
	5	0	5	5	0	5	0	0	0	0%		0%
	7	0	7	7	0	7	0	0	0	0%		0%
	1424	240	1664	1113	16	1129	311	224	535	22%	93%	32%

incrementarse e estenderse a outras. Temos claro que a profesión docente está a ser desprestixiada e socialmente desvalorizada tras anos de maltrato por parte de sucesivos gobernos do Estado e de Galiza. O aumento das esixencias e problemáticas nos centros sen o apoio e os recursos necesarios, o control burocrático e ideolóxico, o empeoramento horario e retributivo... son factores que desincentivan o acceso á profesión docente, ao que se lle suman outras trabas como a dificultade para adquirir a capacitación e habilitación docente, nomeadamente o Mestrado de formación do profesorado. Ademais, a Consellaría é consciente doutro fenómeno novidoso: o abandono do emprego no sector por descontento tanto de persoal temporal como fixo.

Para a CIG-Ensino esta problemática só se pode paliar mellorando as condicións laborais e facendo realmente atractiva a profesión docente. Cómpre afondar nesta vía e afastarse de propostas populistas e fondamente contrarias ao ensino de calidade, como as da presidenta da Comunidade de Madrid, na liña de que impartan clase estudantes universitarios ou profesorado xubilado. Até agora, o goberno de Rueda non chegou a ese punto; mais os xestores da Consellaría parecen sentirse cómodos cunhas taxas altas de temporalidade entre o profesorado, o que lles permite precarizar os empregos e reducir a dotación estrutural dos centros para que estes teñan que mendigar profesorado cada curso, mentres non para de medrar o orzamento destinado ao ensino concertado.

Para o sindicato maioritario é irrenunciábel o obxectivo do mantemento e mellora dun modelo docente de calidade, que conte con profesionais ben formados e con vocación e compromiso polo ensino público. Por isto, solicitamos á Consellaría que realice un estudo en profundidade sobre os motivos polos que se produce esta tendencia á alza e que se aborden solucións. A CIG-Ensino está en disposición de presentar propostas (algunhas xa as reitera cada ano sen éxito na Mesa Sectorial na que se negocia a convocatoria das oposicións) que permitan dignificar tamén o procedemento selectivo e que, vistos os resultados dos últimos anos, non pode agardar á demorada reforma do RD de acceso prometida polo goberno do Estado.

A CIG-Ensino insta a Educación a solucionar o problema de falta de persoal nas listas de substitución de varias especialidades

No mes de outubro a CIG-Ensino dirixiuse á Consellaría de Educación para reclamarlle a apertura das listaxes de substitucións de varias

especialidades de Secundaria, especialmente de Latín e Grego xa que non contaban con persoal dispoñíbel. Logo de atender a petición do sindicato, convocouse o procedemento e no mes de novembro resolveuse provisionalmente. A día 17 de xaneiro non se publicara a resolución definitiva e a pesar de que xa se fixeron chamamentos ás persoas que saíron admitidas provisionalmente, xa non queda ningunha persoa desocupada nestas dúas especialidades e, polo tanto, non hai profesorado substituto para cubrir as vacantes existentes: catro na especialidade de Latín (tres delas interinidades derivadas de xubilacións no IES Concepción Arenal de Ferrol, no IES Santa Irene de Vigo e no IES de Melide) e dúas substitucións de Grego.

Pero isto non ocorre só nestas dúas especialidades. No mes de decembro abríronse listas en varias especialidades do corpo de catedráticos/as e de profesorado de música e artes escénicas, así como de EOI de Portugués. Estas listaxes un mes despois estaban sen resolver provisionalmente e varias vacantes sen cubrir, algunha delas desde o día 5 de novembro como é unha de Clave no Conservatorio Profesional de Ourense e outras tres desde comezos de decembro, unha de violín no CMUS da Coruña e dúas de violín e clarinete no conservatorio profesional de Lugo. En total, 13 vacantes sen cubrir nos conservatorios galegos, unha delas por certo por renuncia á praza da persoa titular, e tres da especialidade de Portugués de EOI de Vigo, Lugo e Ferrol. A maiores hai unha substitución de profesorado especialista do corpo de Secundaria de Edificación sen atender porque a única persoa que quedaba dispoñíbel na listaxe renunciou a traballar. Así as cousas, esta situación prexudica gravemente en primeiro lugar ao alumnado que se ve privado do seu dereito a recibir a formación na que está matriculado, pero tamén ao profesorado dado que a quen está en activo denéganlle permisos ou licenzas por non haber persoal para substituílo.

A esta situación de carencia de persoal docente nalgunhas especialidades hai que engadir a dificultade que ten a cobertura de vacantes a media xornada, dadas as precarias condicións laborais nesta modalidade de contratación sobre todo se o persoal substituto ten que facer fronte a gastos de aloxamento ou de transporte a moitos kilómetros de distancia do seu enderezo. Tanto esta realidade como o feito de que o persoal substituto que traballa máis de cinco meses e medio durante o curso siga sen cobrar o verán desde o recorte perpetrado neste dereito no ano 2011 fai que nalgunhas especialidades sexa difícil atopar persoas dispostas a aceptar substitucións.